

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

CENTRO: IES AFONSO X O SABIO
CURSO: 1º BACHARELAO
MATERIA: LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL
DEPARTAMENTO: MÚSICA
DATA: 03/05/2020

Segundo as instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2. Interpretación vocal atendendo ás indicacións relativas á expresión, á dinámica, á agóxica, á articulación dos sons e os seus ataques, e á ornamentación musical.	LPMB1.1.3. Aplica a técnica vocal para cantar entoada e afinadamente, aplicando as indicacións expresivas e dinámicas presentes na partitura
B1.5. Interpretación instrumental atendendo ás indicacións relativas á expresión, á dinámica, á agóxica, á ornamentación musical, e á articulación dos sons e dos seus ataques.	LPMB1.3.1. Interpreta instrumentalmente ou vocalmente, con total precisión dentro dun tempo establecido, estruturas rítmicas adecuadas a este nivel dunha obra ou un fragmento, sentindo internamente o pulso e aplicando, se procede, as equivalencias nos cambios de compás.
B2.4. Identificación auditiva das características morfolóxicas básicas das obras musicais, tanto as que teñen como fundamento a linguaxe da música culta como as que teñen como fundamento as linguaxes musicais contemporáneas, o jazz, a música tradicional, o rock, o flamenco e as músicas do mundo.	LPMB2.2.4. escoita e recoñece os elementos básicos das linguaxes propias da música culta, jazz, rock e flamenco, así como os máis importantes da linguaxe musical contemporánea.
B3.2. Coñecemento das grafías e dos termos relativos á expresión musical, á dinámica, ao tempo, á agóxica, á articulación musical e ao ataque dos sons.	LPMB.3.1.1. Identifica e interpreta os termos e signos relacionados co ritmo e coa expresión musical.
B4.4. Interpretación memorizada de obras ou fragmentos musicais vocais adecuados ao nivel, con ou sen acompañamento.	LPMB.4.3.1. Coñece o repertorio traballado e ten capacidade de memorización, sensibilidade musical e capacidade expresiva. LPMB.4.3.2. Mantén unha actitude positiva ante a música e os compañeiros.

	<p>LPMB.4.3.3. Utiliza os instrumentos da aula cunha técnica correcta.</p> <p>LPMB.4.3.4. Aplica a técnica vocal para cantar entoadamente e afinadamente nas actividades de interpretación.</p> <p>LPMB.4.3.5. Mantén unha actitude positiva para integrarse como un membro máis no grupo.</p>
B4.8. Participación activa na organización e na realización de actividades musicais desenvolvidas en diferentes contextos.	LPMB.4.5.1. Compórtase de maneira correcta como espectador/a e como intérprete na realización de actividades musicais desenvolvidas en diferentes contextos.
B5.10. Uso da música con soporte electrónico en producións escénicas ou audiovisuais.	LPMB.5.2.2. Utiliza de forma autónoma os recursos tecnolóxicos como ferramentas para a audición, a interpretación, a creación, a edición, a gravación, a investigación e a aprendizaxe do feito musical.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Lecturas sinxelas que respecten os elementos dados, con previa preparación por parte do alumnado. Interpretación ante o instrumental que se teña nas respectivas casas, incluíndo a proposta de creación de instrumentos con material de uso cotiá.</p> <p>Ensaio e interpretación de cancións onde se apliquen estes contidos.</p> <p>Entrega de material sonoro gravado para a súa posterior valoración.</p> <p>Creación dun blog colectivo sobre instrumentos musicais</p> <p>Proporase ao alumnado que insire na aula virtual músicas do seu gusto para a súa posterior análise, explicándose a que estilo pertencen e porque a escolle para escoitar cos seus compañeiros.</p> <p>Instrumentos:</p> <p>Empregarase como medio de avaliación, a observación do profesor e as notas que tome sobre o conxunto e sobre a actitude individual. Empregarase tamén medios electrónicos como gravadoras, tablets ou móbiles para poder amosar e comentar co alumnado o resultado da súa interpretación.</p> <p>Observación do profesor no aula virtual de música e apuntamento na caderno de observación.</p> <p>Observación por parte da profesora da achega de cada un dos membros do grupo ao traballo de creación do blog. Valorarase o emprego dunha linguaxe técnica correcta e as fontes utilizadas.</p>
Cualificación final	<p>A cualificación final basearase na nota media das dúas primeiras avaliacións, e máis o traballo da terceira avaliación servirá para subir esta nota, tendo en conta:</p> <ul style="list-style-type: none">• Participación nas sesións prácticas virtuais.• Entrega das tarefas propostas, incluídas as gravacións pertinentes.• Participación activa no taboleiro da aula virtual: aportar cancións do seu interese e comentarios a outros compañeiros: <ol style="list-style-type: none">1. As docentes teñen coñecemento sobre a situación persoal de cada estudante, polo que se hai ausencias ás sesións virtuais estas pódense aprazar ou compensar con videotutoriais gravados, apórtanse tamén as partituras dos arranxos utilizados.2. O alumnado que teña problemas de conectividade poderá traballar offline con material en formato PDF aportado polo

	<p>departamento, de forma que poida aportar a información para o blog de instrumentos. A este alumnado non se lle terá en conta a súa falta de participación en g-classroom nin, de ser o caso de que non teña un dispositivo de gravación sonora, poida aportar a súa gravación da canción.</p> <ol style="list-style-type: none"> 3. Os criterios de cualificación da calidade sonora da gravación serán os mesmos que rexeron durante todo o curso para as prácticas instrumentais e vocais (adecuación do ritmo, fraseo, afinación, dinámicas e respiración) 4. Os criterios de cualificación da participación na aula virtual serán: número de intervencións (tanto para aportar como para valorar as aportacións dos compañeiros), a utilización dunha linguaxe correcta e a profundidade das súas valoracións. 5. Para poder aprobar a materia o alumnado suspenso nas dúas primeiras avaliacións terá que entregar as fichas de traballo que se repartiron nas aulas e facer polo menos unha das tarefas da terceira avaliación (ou ben aportar contidos para o blog de organoloxía ou aportar a súa gravación da canción escollida. 6. Asemade, deberá participar nas actividades da terceira avaliación: un punto por cada unha das actividades (participación na aula virtual, gravación sonora e/ou creación do blog 7. Os procedementos e instrumentos de avaliación serán os mesmos que durante o curso: A realización das fichas de linguaxe musical realizadas polo alumnado ao longo do mesmo.
Proba extraordinaria de setembro	<p>A proba de setembro versará sobre os contidos desenvolto durante as dúas primeiras avaliacións, aos que tiveron acceso de forma presencial e seguen estando nos repositorios online (EVA e g-classroom) e na conserxería do instituto. Ademais, nas fichas de preparación o alumnado terá os modelos de actividades que atopará no exame de setembro.</p>
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: Non procede
	Criterios de cualificación: Non procede
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Non procede

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>Realización da gravación dunha canción proposta ao grupo.</p> <p>Realización dun blog colectivo sobre instrumentos musicais.</p> <p>Compartir no taboleiro de google classroom das músicas do interese de cada estudante.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A metodoloxía baséase no e-learning, utilizándose as ferramentas virtuais dispoñibles decididas polo claustro e a Consellería: Webex para as clases a distancia, google classroom e a EVA para o día a día, o acceso a todos os materiais do curso e a comunicación diaria, que verase reforzada pola constante comunicación vía e-mail. Tamén propoñemos unha constante comunicación coas persoas titoras dos grupos, de forma que informamos semanalmente da presenza ou ausencia dos estudantes tanto nas sesións virtuais como nas posibles entregas de tarefas</p> <p>Co alumnado con conectividade a comunicación é constante, reforzando especialmente a parte anímica que poida verse afectada neste período de illamento.</p> <p>Co alumnado sen conectividade estamos tendo especial coidado, estase falando constantemente con dirección e as persoas titoras para poder achegarnos ao alumnado con problemas de conectividade e actualmente hai moi pouco alumnado de 2º nesta situación. Desde esta materia propoñemos a utilización de materiais en PDF garantindo que, inda que non poidan realizar todas as tarefas pola ausencia de conectividade, que poidan chegar ás máximas calificacións a través da realización das tarefas que están ao seu alcance.</p>
Materiais e recursos	<p>Ofréceselles ao alumnado distintos recursos web, que se adxuntan</p> <p>Materiais en PDF que están aloxados tanto nos repositorios de contidos (EVA e g-classroom) como enviados aos docentes titores, para que se lles poidan facilitar nas súas casas por medio da colaboración co concello.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	O alumnado está sendo informado a través do correo electrónico polo docente, a través das persoas titoras e a través do taboleiro de g-classroom. Para as familias aportouse información personalizada desde a páxina web do centro co mail do docente para escribir ante calquera dúbida ou cuestión.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

CENTRO: IES AFONSO X O SABIO
CURSO: 3ºESO
MATERIA: MÚSICA
DEPARTAMENTO: MÚSICA
DATA: 03/05/2020

Segundo as instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.11. Práctica, creación, memorización e interpretación de pezas musicais en grupo, aprendidas a través da lectura de partituras con diversas formas de notación.	MUB1.6.1. Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.
B2.1. Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos e das agrupacións vocais e instrumentais.	MUB2.1.3. Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música.
B2.5. Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e as composicións realizadas na aula. Interese por coñecer músicas de distintas características e por ampliar as propias preferencias musicais.	MUB2.4.1. Aмосa interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas. MUB2.4.2. Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas.
B3.5. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores e compositoras, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.	MUB3.2.1. Aмосa interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción persoal, elaborando algún proxecto de investigación e exposición.
B3.7. Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo-temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical galego, occidental e doutras culturas.	MUB3.3.1. Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondentes.

<p>B3.8. Épocas da historia da música: características principais, autores/as significativos/as, audicións con apoio de partitura e interpretación de pezas ou fragmentos das distintas épocas.</p>	<p>MUB3.4.1. Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais.</p> <p>MUB3.4.2. Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade.</p>
<p>B4.2. Aplicación de diferentes técnicas de gravación para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.</p>	<p>MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.</p>

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Realización de cuestionarios online que revisen a materia dada durante os primeiros trimestres (apoiado por textos e vídeos inseridos no propio cuestionario)</p> <p>Interpretación de partituras sinxelas que respecten os elementos dados, con previa preparación por parte do alumnado, co instrumental que se teña nas respectivas casas, incluíndo a proposta de creación de instrumentos con material de uso cotiá.</p> <p>Ensaio e interpretación de cancións onde se apliquen estes contidos.</p> <p>Entrega de material sonoro gravado para a súa posterior valoración.</p> <p>Instrumentos:</p> <p>Empregarase como medio de avaliación, a observación do profesor e as notas que tome sobre o conxunto e sobre a actitude individual. Empregarase tamén medios electrónicos como gravadoras, tablets ou móbiles para poder amosar e comentar co alumnado o resultado da súa interpretación.</p> <p>Observación do profesor no aula virtual de música e apuntamento na caderno de observación.</p>
Cualificación final	<p>A cualificación final basearase na nota media das dúas primeiras avaliacións, e máis o traballo da terceira avaliación servirá para subir esta nota, tendo en conta:</p> <ul style="list-style-type: none">• Participación nas sesións prácticas virtuais.• Entrega das tarefas propostas, incluídas as gravacións pertinentes. <ol style="list-style-type: none">1. Os docentes teñen coñecemento sobre a situación persoal de cada estudante, polo que se hai ausencias ás sesións virtuais estas pódense aprazar ou compensar con videotitoriais gravados, apórtanse tamén as partituras dos arranxos utilizados.2. O alumnado que teña problemas de conectividade poderá traballar offline con material en formato PDF aportado polo departamento. A este alumnado non se lle terá en conta a súa falta de participación en g-classroom nin, de ser o caso de que non teña un dispositivo de gravación sonora, poida aportar a súa gravación da canción.3. Os criterios de cualificación da calidade sonora da gravación serán os mesmos que rexeron durante todo o curso para as prácticas instrumentais e vocais (adequación do ritmo, fraseo, afinación, dinámicas e respiración)4. Para poder aprobar a materia o alumnado suspenso nas dúas

	primeiras avaliacións terá que entregar os cuestionarios propostos e aportar a súa gravación da canción escollida.
Proba extraordinaria de setembro	A proba de setembro versará sobre os contidos desenvolto durante as dúas primeiras avaliacións, aos que tiveron acceso de forma presencial e seguen estando nos repositorios online (aula virtual e g-classroom) e na conserxería do instituto. Ademais, nas fichas de preparación o alumnado terá os modelos de actividades que atopará no exame de setembro.
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: Non procede
	Criterios de cualificación: Non procede
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Non procede

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Realización da gravación dunha canción proposta ao grupo. Realización de cuestionarios online Participación nas clases viruais</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A metodoloxía baséase no e-learning, utilizándose as ferramentas virtuais dispoñibles decididas polo claustro e a Consellería: Webex para as clases a distancia, google classroom e o aula virtual para o día a día, o acceso a todos os materiais do curso e a comunicación diaria, que verase reforzada pola constante comunicación vía e-mail. Tamén propoñemos unha constante comunicación coas persoas titoras dos grupos, de forma que informamos semanalmente da presenza ou ausencia dos estudantes tanto nas sesións virtuais como nas posibles entregas de tarefas</p> <p>Co alumnado con conectividade a comunicación é constante, reforzando especialmente a parte anímica que poida verse afectada neste período de illamento.</p> <p>Co alumnado sen conectividade estamos tendo especial coidado, estase falando constantemente con dirección e as persoas titoras para poder achegarnos ao alumnado con problemas de conectividade e actualmente hai moi pouco alumnado nesta situación. Desde esta materia propoñemos a utilización de materiais en PDF garantindo que, inda que non poidan realizar todas as tarefas pola ausencia de conectividade, que poidan chegar ás máximas calificacións a través da realización das tarefas que están ao seu alcance.</p>
Materiais e recursos	<p>Ofréceselles ao alumnado distintos recursos web, que se adxuntan</p> <p>Materiais en PDF que están aloxados tanto nos repositorios de contidos (aula virtual e g-classroom) como enviados aos docentes titores, para que se lles poidan facilitar nas súas casas por medio da colaboración co concello.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	O alumnado está sendo informado a través do correo electrónico polo docente, a través das persoas titoras e a través do taboleiro de g-classroom. Para as familias aportouse información personalizada desde a páxina web do centro co mail do docente para escribir ante calquera dúbida ou cuestión.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

CENTRO: IES AFONSO X O SABIO
CURSO: 4ºESO
MATERIA: MÚSICA
DEPARTAMENTO: MÚSICA
DATA: 03/05/2020

Segundo as instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2. Interpretación de pezas vocais e instrumentais aprendidas de oído e/ou mediante a lectura de partituras con diversos tipos de notación.	MUB1.1.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades. MUB1.1.2. Le partituras como apoio á interpretación.
B1.4. Perseveranza na práctica de habilidades técnicas que permitan mellorar a interpretación individual e en grupo, e a creación musical.	MUB1.2.1. Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento.
B2.1 Audición, recoñecemento, análise e comparación de músicas de diferentes xéneros, estilos e culturas.	MUB2.1.1. Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais.
B2.3. Rigor na utilización dun vocabulario axeitado para describir a música.	MUB2.3.1 Utiliza con rigor un vocabulario axeitado para describir a música.
B2.4. Utilización de diversas fontes de información para obter referencias sobre músicas de diferentes épocas e culturas, incluídas as actuais, e sobre a oferta de concertos e outras manifestacións musicais, tanto en vivo como divulgadas a través dos medios de comunicación.	MUB2.4.1. Recoñece e compara os trazos distintivos de obras musicais, e descríbese utilizando unha terminoloxía axeitada. MUB2.4.2. Sitúa a obra musical nas coordenadas de espazo e tempo. MUB2.4.3. Aмосa interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas.
B3.6. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre música popular urbana.	MUB3.6.1. Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular. MUB3.6.2. Utiliza os recursos das novas tecnoloxías para expoñer os contidos de maneira clara.

<p>B4.4. Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.</p>	<p>MUB4.5.1 Avisa interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical.</p>
<p>B4.7 Valoración crítica da utilización dos medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e da comunicación como recursos para a creación, a interpretación, o rexistro e a difusión de producións sonoras e audiovisuais.</p>	<p>MUB4.5.3 Utiliza a información de xeito crítico, obtida de distintos medios e pode utilizala e transmitila utilizando distintos soportes.</p>
<p>B4.7 Valoración crítica da utilización dos medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e da comunicación como recursos para a creación, a interpretación, o rexistro e a difusión de producións sonoras e audiovisuais.</p>	<p>MUB4.5.3 Utiliza a información de xeito crítico, obtida de distintos medios e pode utilizala e transmitila utilizando distintos soportes.</p>

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Lecturas sinxelas que respecten os elementos dados, con previa preparación por parte do alumnado. Interpretación ante o instrumental que se teña nas respectivas casas, incluíndo a proposta de creación de instrumentos con material de uso cotiá.</p> <p>Ensaio e interpretación de cancións onde se apliquen estes contidos.</p> <p>Entrega de material sonoro gravado para a súa posterior valoración.</p> <p>Proporase ao alumando que insire na g-classroom músicas do seu gusto para a súa posterior análise, explicándose a que estilo pertencen e porque a escolle para escoitar cos seus compañeiros.</p> <p>Instrumentos:</p> <p>Empregarase como medio de avaliación, a observación do profesor e as notas que tome sobre o conxunto e sobre a actitude individual. Empregarase tamén medios electrónicos como gravadoras, tablets ou móbiles para poder amosar e comentar co alumnado o resultado da súa interpretación.</p> <p>Observación do profesor no g-classroom de música e apuntamento na caderno de observación.</p> <p>Entrega dun traballo seguindo unhas pautas fixadas.</p>
Cualificación final	<p>A cualificación final basearase na nota media das dúas primeiras avaliacións, e máis o traballo da terceira avaliación servirá para subir esta nota, tendo en conta:</p> <ul style="list-style-type: none">• Participación nas sesións prácticas virtuais.• Entrega das tarefas propostas, incluídas as gravacións pertinentes.• Participación activa no taboleiro da aula virtual: aportar cancións do seu interese e comentarios a outros compañeiros: <ol style="list-style-type: none">1. Os docentes teñen coñecemento sobre a situación persoal de cada estudante, polo que se hai ausencias ás sesións virtuais estas pódense aprazar ou compensar con videotutoriais gravados, apórtanse tamén as partituras dos arranxos utilizados.2. O alumnado que teña problemas de conectividade poderá traballar offline con material en formato PDF aportado polo departamento, de forma que poida desenvolver o traballo sobre o grupo de artes escénicas escollido. Para poder estudalo, ofrécéselle a posibilidade de recoller o material audiovisual na biblioteca do instituto de ser necesario. A este

	<p>alumnado non se lle terá en conta a súa falta de participación en g-classroom nin, de ser o caso de que non teña un dispositivo de gravación audiovisual, poida aportar a súa gravación da canción.</p> <ol style="list-style-type: none"> 3. Os criterios de cualificación da calidade sonora da gravación serán os mesmos que rexeron durante todo o curso para as prácticas instrumentais e vocais (adecuación do ritmo, fraseo, afinación, dinámicas e respiración) 4. Os criterios de cualificación da participación na aula virtual serán: número de intervencións (tanto para aportar como para valorar as aportacións dos compañeiros), a utilización dunha linguaxe correcta e a profundidade das súas valoracións. 5. Para poder aprobar a materia o alumnado suspenso nas dúas primeiras avaliacións terá que entregar as fichas de traballo que se repartiron nas aulas e facer polo menos unha das tarefas da terceira avaliación. 6. Asemade, deberá participar nas actividades da terceira avaliación: un punto por cada unha das actividades (participación na aula virtual, gravación sonora e realización do traballo.
<p>Proba extraordinaria de setembro</p>	<p>Non se conta con proba de setembro dado que a día 13 de Marzo de 2020 todos os alumnos estaban aprobados.</p>
<p>Alumnado de 4º ESO coa materia de 3º pendente</p>	<p>Criterios de avaliación: Os criterios de avaliación son os mesmos que figuran na programación de dito curso</p> <p>Criterios de cualificación: Os criterios de cualificación son os mesmos que figuran na programación de dito curso</p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación: A cualificación basearase nos traballos realizados durante os dous primeiros trimestres do curso.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>Realización da gravación dunha canción proposta ao grupo. Realización dun traballo acerca dun grupo ou solista de interese para o alumno. Compartir no taboleiro de google classroom das músicas do interese de cada estudante.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A metodoloxía baséase no e-learning, utilizándose as ferramentas virtuais dispoñibles decididas polo claustro e a Consellería: Webex para as clases a distancia, google classroom e a aula virtual para o día a día. O acceso a todos os materiais do curso e a comunicación diaria, que verase reforzada pola constante comunicación vía e-mail. Tamén propoñemos unha constante comunicación coas persoas titoras dos grupos, de forma que informamos semanalmente da presenza ou ausencia dos estudantes tanto nas sesións virtuais como nas posibles entregas de tarefas</p> <p>Co alumnado con conectividade a comunicación é constante, reforzando especialmente a parte anímica que poida verse afectada neste período de illamento.</p> <p>Co alumnado sen conectividade estamos tendo especial coidado, estase falando constantemente con dirección e as persoas titoras para poder achegarnos ao alumnado con problemas de conectividade e actualmente hai moi pouco alumnado nesta situación. Desde esta materia propoñemos a utilización de materiais en PDF garantindo que, inda que non poidan realizar todas as tarefas pola ausencia de conectividade, que poidan chegar ás máximas calificacións a través da realización das tarefas que están ao seu alcance.</p>
Materiais e recursos	<p>Ofréceselles ao alumnado distintos recursos web, que se adxuntan</p> <p>Materiais en PDF que están aloxados tanto nos repositorios de contidos (aula virtual e g-classroom) como enviados aos docentes titores, para que se lles poidan facilitar nas súas casas por medio da colaboración co concello.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>O alumnado está sendo informado a través do correo electrónico polo docente, a través das persoas titoras e a través do taboleiro de g-classroom.</p> <p>Para as familias aportouse información personalizada desde a páxina web do centro co mail do docente para escribir ante calquera dúbida ou cuestión.</p>
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

CENTRO: IES AFONSO X O SABIO
CURSO: 1º BACHARELAO
MATERIA: LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL
DEPARTAMENTO: MÚSICA
DATA: 03/05/2020

Segundo as instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2. Interpretación vocal atendendo ás indicacións relativas á expresión, á dinámica, á agóxica, á articulación dos sons e os seus ataques, e á ornamentación musical.	LPMB1.1.3. Aplica a técnica vocal para cantar entoada e afinadamente, aplicando as indicacións expresivas e dinámicas presentes na partitura
B1.5. Interpretación instrumental atendendo ás indicacións relativas á expresión, á dinámica, á agóxica, á ornamentación musical, e á articulación dos sons e dos seus ataques.	LPMB1.3.1. Interpreta instrumental ou vocalmente, con total precisión dentro dun tempo establecido, estruturas rítmicas adecuadas a este nivel dunha obra ou un fragmento, sentindo internamente o pulso e aplicando, se procede, as equivalencias nos cambios de compás.
